

A defensa da lingua

A Peneira, Núm. 2,
Maio 1984, p. 14

RICARDO CARBALLO CALEIRO

¿Qué lingua temos de defender? ¿De que a temos de defender?

Temos de defender a lingua que leva o noso nome, o galego; a lingua que se formou cando nos nos formamos, cando se formou Galiza. Cando os galaicos nos convertémos en galegos, e Gallaecia se converteu en Galiza. Nom, por suposto, o galego-castelhanao que foi umha degradazom do galego-portugués, e substituiu pouco e pouco a este cando se rompeu o cordon umbilical que unia a matriz galega coa crianza portuguesa, carne da nai fecundada pola historia, e se fabricou a cádiga que sujeitou o boi fanado ao jugo central. Desde ese momento, o galego ficou paralizado, a perder em favor do romanceo castelhanao todo o vocabulário de alto nivel, recebendo do castelhanao todo o léxico novo, exigido pola evoluzom da cultura. O galego foi desde aquela um falar a extinguir, sem fecundidade, cada vez máis cacaranhado polo elemento sobreposto, que representava o progreso material. Mesmo ao renovar-se a técnica agrícola, o galego, reducido a terminología rural, vai sobrecarregando-se de castelhanismos no próprio sector da fala rústica, porque cos tractores e mais maquinária entram as palavras exógenas. Mui ingénuo ou mui insincero há ser quem creía que por esa via o galego podia camiñar cara o porvir. Um castelhanao de substrato galego era o fado previsto para a personalidade esmorecente.

Temos de defender a lingua dos corpos estranhos que se foron introducindo nela, do indumento gráfico que se lhe impuxo. Se nas falas vulgares, no tempo da desgaleguizazom, se infiltrarom trazos morfológicos alleos ao idioma tal como existía cando era o de todos os galegos, hai que restaurar os sufixos suplantados, os morfemas substituídos, e nom envergonhar-se de sermos auténticos perante as pretensons de ridiculizar-nos dos castelhanistas, dos frouxos ou dos incongruentes. Os castelhanistas, que só toleram falas vasalas; os frouxos, que tremen perante a perseguiçom e a coerzom; os incongruentes, que propugnando utopias políticas, aceitam aberrazons históricas. O galego tem que recuperar a sua verdadeira historia da que forma parte a historia da sua variedade de ultraminhota, e espilir a librea ou farda coas armas heráldicas do irmán hegemónico, para recobrar os seus sinais de identidade, en contacto, por suposto, coas restantes normas do sistema, como o próprio castilhanao fai.

Nos tempos que correm, o galego tem de adquirir a competitividade necesaria para rectificar a sua trajetória patológica. Se nom, ainda instalado teoricamente nas instituizons oficiais, acosado pola superioridade técnica, burocrática e social da lingua do Estado, nom poderá aspirar mais que a umha morte sem dor, por paulatina calcificazom das artérias.

O ex-catedrático de galego-portugués da Faculdade de Filoxia da Universidade galega é un dos defensores da normativa reintegracionista para o idioma

galego e nesa normativa escrebe os seus artigos de xeito cotiá. Pola nosa banda, respetamos de xeito total o texto orixinal que publicamos hoxe.